

## PARA CINCO COMPAÑEIRO S QUE SE XUBILAN

Pensando en preparar unhas palabras serias para un momento tan transcendente, e dada as miñas escasas capacidades, decidín o máis sinxelo de todo como é ir a *Google* e marcar "discurso de xubilación para cinco compañeiros". Nunha das entradas, dentro dos enlaces promocionados, atopo a solución para saír do apuro, polo que agora voume limitar a ler un discurso baixado da rede e que me parece o máis apropiado para este evento:

"A xubilación de cinco compañeiros, cinco profesores, marca un momento emocionante en calquera vida e por iso queremos que este acto non sexa unha despedida, unha separación, un abandono desa misión tan suprema como é a formación e a educación, a misión de preparar persoas para unha sociedade futura sen violencias, sen inxustizas, cada vez máis xusta, máis culta e mellor. O desexo de todos os comensais é deixar gravado para a posterioridade, nos anais do IES, este banquete de confraternidade, de intercambio entre profesores xubilados e non xubilados; e nada mellor que inmortalizar este sublime momento ofrecéndolles ós compañeiros que se xubilaron neste curso uns humildes presentes, que, abofé, son moito menos do que vós nos destes a nós a través da convivencia diaria. Así para os profesores que se xubilaron este curso temos preparado un Rolex de ouro e para as profesoras un ramo de azucenas e un colar de ouro adornado con perlas e un zafiro de África..."

Cando xa tiña medio discurso baixado apareceu no ordenador unha nova pantalla tipo flash que dicía: "se desexa o remate do discurso envía mensaxe de fixo a móbil, cada liña nova 1,8 € máis IVE".

Tanto os regalos que marca o discurso para os homenaxeados, coma o prezo das palabras que faltan para completar os 10 minutos rituais, fanme abandonar esta empresa e procurar novas vías para saír do presente apuro.

Así, o seguinte paso foi buscar unha definición sobre a festa da xubilación que dá a *Wikipedia* e atopei uns comentarios bastante acertados que volvo ler:

“A xubilación é un termo abstracto que sempre amosa dúas vertentes, depende desde onde se olle. Para os que aínda non chegan a ela é unha ilusión óptica, un puro espellismo, unha realidade onírica na que se soña con mil cousas que se quixeran facer e aínda non se pode. Para os que decidiron acollerse á xubilación é xúbilo, alegría, tempo de abondo, lectura, diversión, realización de ilusións e de desexos, viaxes exóticas, vacacións sen fin...”. O demais que se escribe na *Wikipedia* xa ten a consideración de palla, de rolo para encher páxina, polo que non sigo lendo.

Despois dun segundo patinazo na procura de información a través das TIC, doume conta de que estamos diante de cinco profesores, cinco materias diferentes que impartiron, e cinco enfoques distintos da realidade:

Para **Inés** este momento é algo histórico, un fito senlleiro, algo que permanecerá nos anais do Instituto. Que sexan cinco profesores representa un cambio no seis por cento na estatística de poboación de profesionais do ensino. De algo está segura: a pirámide de idade de poboación activa, coa súa marcha non cambia moito, aínda máis quizais se cargue na parte superior porque se retiran cinco profesores que tiñan un espírito moi novo, aínda son uns mozos.

**Sira** ve este momento como a conversión dun suxeito activo, que non paraba nada, que se transforma no Complemento Indirecto, no que recibe o proveito da acción despois de tantos anos de traballo. Dada a súa enerxía en activo, incluso foi capaz de agardar para na etapa de xubilación escordar un pé e así poder manterse queda, sentada, sen moverse durante máis de dous meses arreo, e descansar.

**Marosa** este momento asimílo coma un salto de altura. Todos sabemos o que facer antes de dar un salto, pero descoñecemos o que nos espera despois do salto. Saltaches limpamente, sen axuda de nada e voluntariamente case 60 metros, pero para ti era

pouca altura, aguantarías dez metros máis de desnivel. Xa estás da outra beira da barra do salto de altura. A nós, os teus compañeiros só nos queda facer unha reflexión para cando nós xubilemos, e se chega a ser coma as previsións actuais que se comentan, é dicir ós setenta e cinco, moitos, nin con pértega, saltaremos por enriba da barra, e menos mal se non nos esnaframos antes de decidir dar o salto.

Desde a química **Rosendo** sabe a que marcha de cinco compañeiros significa un proceso de aceleración na descomposición das partículas e unha desestructuración da materia, de malas consecuencias debido a que as novas partículas nunca van producir unha combinación semellante, e da mesma categoría. Agora comprobamos os fallos da física. Nin os cursos duran 9 meses, nin os días vintecatro horas. Para uns os cursos sobrepasan os catorce meses e para outros quedan reducidos a seis, pois todo depende da velocidade con que se circule pola vida.

Por último recoñecer que **Míguez** ensinounos a algúns dos presentes, xa nos anos sesenta, que a vida é un rosario con cinco misterios e existen misterios dolorosos e misterios gloriosos. Nós, os que aínda non nos xubilamos, ímonos arrastrando todos os días polos misterios dolorosos: o primeiro é terse que erguer ás sete da mañá, o segundo dar a clase das oito e media, o terceiro tomar un café en menos tempo que dura o primeiro lecer... vós, os homenaxeados, xa rezades sempre os gloriosos: tendes tempo, tendes cartos e ilusións para disfrutalos, gozades de saúde e acumulades a sabedoría dos anos.

Inés, Sira, Marosa, Rosendo e Míguez durante meses estivestes arranxando papeis para a xubilación, non vos presentastes a ningún concurso de traslados de centro, polo que sempre formaredes parte desta comunidade educativa do IES Otero Pedrayo, e así confiamos en que en todos os momentos vos sintades como partes fundamentais desta comunidade educativa do IES Otero Pedrayo que vos quere moito.